

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2011

PREVISIÓN INFORMATIVA

Asunto	VI Olimpíada Galega de Bioloxía
Lugar	Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago (Aula Magna)
Data	mañá venres, 14 de xaneiro (<u>de 11:00-19:00 horas</u>)

O conselleiro de Educación presidirá mañá en Santiago a entrega de premios da VI Olimpíada Galega de Bioloxía

(Vía Láctea Comunicación).- A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago acolle mañá venres as probas da sexta edición da Olimpíada Galega de Bioloxía. Na organización do certame colaboran a Xunta de Galicia, as tres universidades galegas e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

O comité organizador seleccionou a 106 alumnos de segundo curso de bacharelato de toda Galicia, 54 da provincia da Coruña, 37 de Pontevedra, 8 de Lugo e 7 de Ourense. Os estudantes proceden de 33 centros:

LOCALIDADE	CENTRO	Nº ALUMNOS
A Coruña (54)		
A Coruña (15)	Colexio Marista Cristo Rey	4
	IES Monelos	3
	IES Rafael Dieste	3
	Colexio Obradoiro	3
	IES Fernando Wirtz Suárez	2
Santiago (14)	Colexio Manuel Peleteiro	4
	IES As Fontiñas	4
	IES Pontepedriña	4
	Colexio Junior´s	2
Brión (4)	IES de Brión	4
Cambre (4)	IES David Buján	4
Narón (4)	IES As Telleiras	4
Padrón (4)	IES Camilo José Cela	4
Ponteceso (4)	IES Ponteceso	4
Carballo (3)	IES Isidro Parga Pondal	3
Oleiros (2)	IES Miraflores	2

Pontevedra (37)		
Vigo (17)	IES Santa Irene	4
	Colexio Compañía de María	4
	IES Os Rosais II	4
	IES do Castro	4
	Colexio Rosalía de Castro	1
Lalín (7)	IES Laxeiro	4
	IES Ramón María Aller Ulloa	3
Pontevedra (6)	IES A Xunqueira II	4
	IES A Xunqueira I	2
Cangas (5)	IES María Soliño	4
	IES de Rodeira	1
Caldas de Reis (2)	IES Aquis Celenis	2
Lugo (8)		
Burela (4)	IES Monte Castelo	4
Sarria (2)	IES Xograr Afonso Gómez	2
Meira (2)	IES Pedregal de Irímia	2
Ourense (7)		
Ourense (7)	Colexio Santa María-Maristas	4
	IES O Couto	3

Desenvolvemento da xornada

Pola mañá terán lugar as probas, unha teórica tipo test e outra práctica, relativas aos contidos de Bioloxía da ESO e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e físico-química da vida. Pola tarde, durante a corrección dos exercicios, os participantes visitarán os laboratorios e a nova biblioteca da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Logo asistirán a unha conferencia sobre “Biodiversidade e Extinción”, que impartirá o profesor de Zooloxía da USC **Marcos González González**.

Por último, terá lugar a entrega de premios, presidida polo conselleiro de Educación, **Xesús Vázquez Abad**. Os tres gañadores participarán na **Olimpíada Nacional de Bioloxía, que se celebrará en Granada no mes de abril**. Ademais, cada unha das tres universidades galegas concederalles unha axuda de 300 euros por matriculárense en calquera das súas facultades.

VI OLIMPÍADA GALEGA DE BIOLOXÍA

10:15-10:55	Recepción dos participantes na Facultade de Bioloxía
11:00	Exame teórico
12:30	Descanso
13:00	Exame práctico

13:30	Comida
16:00	Visita aos laboratorios e á nova biblioteca da Facultade de Bioloxía da USC
17:00	Conferencia sobre “Biodiversidade e Extinción”, impartida por Marcos González , profesor de Zooloxía da USC
18:00-19:00	Acto de clausura e entrega de premios

AUTORIDADES:

- Xesús Vázquez Abad**, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.
- Mª Luz González Caamaño**, decana da Facultade de Bioloxía de Santiago.
- Horacio Naveira Fachal**, decano da Facultade de Ciencias da Coruña.
- Cristina Arias Fernández**, decana da Facultade de Bioloxía de Vigo.
- Mª Ángeles Bernal Pita da Veiga**, directora do grupo de traballo de Bioloxía da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG).
- Berta Estrada Arias**, inspectora de Educación da Xunta de Galicia (sección de Bioloxía).
- Pedro Nozal Cantarero**, delegado da Olimpíada de Bioloxía en Galicia.
- Mercedes Casal Jiménez**, decana do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 554 407 / 639 768 929 ... www.vialactea.es